

OS NOSOS CONTOS.**Leite con cereais e unha gorra,
ou cando cantan os paxaros.**

Era unha mañá de primavera, cando tódolos paxaros cantan, cando as amas de casa tenden a roupa ó sol, cando os donos dos cans saen alegres a pasea-lo can do seu fillo para que logo non mexe no sofá. Tamén era un deses días nos que daba gusto camiñar pola rúa; parecía que o aire ía cargado de música.

igual para todos.
xente estaba tan feliz
sabía que o mal e o
Sabía que en canto
minutos non tería máis
verse as caras co medo.
numerosos obstáculos
cuarto cheo de máquinas
debería continuar polo
para chegar a un lugar
obrigado a cambiar



uniforme de preso; despois tería que chegar á cela, onde tería que acostumarse a comer esa comida tan noxenta, e logo... e logo... viría o peor: tería que ir a traballar as terras do Señor Escuro...

Pero iso non era
Mentres toda esa
e tan sorrinte, Xan
terror ían tras del.
pasasen uns
remedio que
Tería que superar
ata chegar a un
de tortura; logo
bosque maldito,
onde se vería
a súa roupa por un

Un espantoso ruído espertouno completamente, pero axiña escoitou á súa nai dicir:

-“Vexa Xan que hoxe tes a excursión, e non esquezas leva-la viseira que hoxe vai calor”.

Entón levantouse e apagou o despertador. Correu con coidado entre os xarróns que estaban no corredor, chegou ó baño e aseouse. De seguido foi polo corredor, no que seu pai tiña tantas prantas, e pronto chegou ó seu cuarto vestiuse, e colleu a gorra. A continuación tomou o almorzo e marchou moi contento para a escola.

(Rita , 6ºB)




O GNOMO NA ROCHA DOURADA

Había unha vez un gnomo que vivía nun bosque cos seus compañeiros. A este gnomo gustábanlle moito as aventuras e, como o seu pobo estaba quedando pobre, debido a que os homes collían a maioría dos froitos, el quería ir en busca de riqueza. Pero dado o seu pequeno tamaño, os demais gnomos dicianlle que era unha tolemia. El decidido a ir, unha noite escondéndose dos demais logrou saír da pequena aldea gnoma. Buscou e buscou riqueza pedíndolle á xente que atopaba, cartos para a súa aldea, pero ninguén lle facía caso, dado que era un gnomo pequeno e insignificante. Ó final, cansado de tanto camiñar, parou a durmir debaixo dunha rocha. Pola mañá, cando espertou, pensou en volver á aldea, pero non lle facía moita gracia volver sen un can. Abriu os ollos e viu o que de noite non se vía: unha enorme rocha dourada encontrábase enriba del. Moi ilusionado intentouna levar, pero non podía con ela porque pesaba moito.



O gnomo viu un pequeno buraco na rocha e decidiu entrar. Sorprendeuse ó ver que por dentro da rocha había moita claridade, dado que as paredes eran douradas. Despois de andar e andar viu un pequeno interruptor e pulsouno.

Ó saír, sen querer, rozou contra unha parede e estrañouse de non sentir dor; descubriu que a rocha se convertera en area dourada, podendo así transportar unha pouca do camiño para a aldea. De regreso atopouse cun home e convenceuno para que lla comprara por unha gran suma de diñeiro; o seu pobo enriqueceuse e non volveu a ser un pobo pobre.



TRASNADAS

Sili era unha pequena estrela á que lle gustaba moito gastarlle bromas á xente.

Como era a estrela máis nova, non lle quedaba máis remedio que xogar soa.

Aínda así lle resultaba moi aburrido.

Cando se dispuña de novo para gastar unha nova broma escoitou unha risa. Sili deu a volta bruscamente e voou a cen por hora cara onde escoitara aquela risotada. Pero ó chegar a onde a escoitara non había ninguén. De súpeto volveu a escoitar aquela risa. Ela enfurecida volveuse, e a toda presa marchou cara esa dirección, ata que se cansou de ir dun lado a outro e esgotada quedou colgada no aire. Ó cabo duns minutos escoitou unha voz que chamaba por ela:

- ¡Sili! Non che dixeran que non podías andar ao louco por aí, ¡descolocaches a máis de dez estrelas e desfixeches oito figuras!
- ¡Sintoo moito! Fixeno sen querer, non quixen facer mal a ninguén.
- Sí, e agora con escusas, quen che crea....-dixo a gran estrela, xefa de todas elas.
- ¡Créemo, por favor!
- ¡Está ben!, pero fóra, de aquí.

Sili foise moi indignada, pois ela non o fixera a propósito e sentíao moito. De repente alguén lle deu un golpe nas costas; ela volveuse sorprendida e... ¡Vaia susto levouló ver a unha meiga sorrinte sentada na súa vasoira. Estiveron mirándose moito tempo ata que Zule (que era o nome da meiga) se fartou de mirar.

Zule con voz vacilante pero decidida preguntoulle si quería ir por aí con ela. Sili, encantada, mostroulle tódolos seus escondedoiros e amosoulle-las distintas figuras que representaban as estrelas. Zule quedou apampada, pero quen quedou apampada de verdade foi Sili cando Zule, coa súa meiguería deixou descolocadas a tódalas estrelas de golpe.

Ó día seguinte Sili e Zule chamaron a tódalas estreliñas e todas xuntas xogaron sen parar durante todo o día.

Ó fin todos quedaron felices, todos... ¡menos dúas!: a gran estrela e a coidadora de estreliñas que quedara sen emprego.

(Carolin, 6ºB)



OS 7 XARDINEIROS E A FLOR MAIS BELA

--¡Ola!, ¡Boas tardes! Chámome Luís e viña polo anuncio.
 --Ben, ben. ¿Ten experiencia noutros xardíns?
 --Só no meu, pero tiña e coñezo tódalas clases de flores e os seus coidados.
 --¿Está seguro de que coñece todas, todas as clases?
 --Sen excepción.
 --Bueno, doulle-lo emprego.
 --Moitísimas gracias...¡non se arrepentirá!

O novo xefe de Luís tocou unha campañiña e, ós poucos minutos xa estaba alí a doncela preguntando que desexaba o señor. Este díxolle que levase a Luís (el referiuse a Luís como o novo xardineiro) xunto cos demais xardineiros.

A servinte obedeceu pero polo camiño refunfuñou:

--¡Outro coidador para esa cousa horripilante!

Luís preguntouse que quería dicir con iso.

Pronto chegaron a unha gran explanada de terra fangosa e esponxosa. A doncela colleu unhas catiuscas e pasoulle outras a Luís. Axiña se viron os dous fundindo os pés nesa cousa estraña. Pasaron esgotados e sudorosos. En canto recuperaron o alento a doncela dixo:

--Ti tes sorte que xa te quedas aquí, pero eu terei que volver polo mesmo camiño.

Tiveron que camiñar uns metros ata chegar a unha casa de madeira que parecía a punto de caer. A doncela chamou coa man e, coma se estivese sentado ao lado da porta, abriu un home de pelo branco e rizado.

A doncela marchouse en canto o viu. Nun minuto o home contoulle todo o que había que facer cada día: inunda-la ciénaga, botar abono na ciénaga, expolvoreala con palla seca...

Tamén contoulle que no centro da ciénaga había unha planta cunha única flor, que só abría os seus pétalos pola noite. O peor era que necesitaba moitísimos coidados.

O día seguinte foi o día máis duro da vida de Luís; traballa con outros seis xardineiros, pero aínda así había moitísimo traballo.

Pasado moito tempo, unha noite decidiu achegarse á pranta (que, por certo, pechada era horrible) e ver así se era tan fermosa como dicía

o xefe. O que viu deixouno coa boca aberta: unha muller fermosísima saía do capullo da flor e dicíalle cunha voz tenra e cariñosa

--O meu amo tenme aquí para que o converta en soberano dun reino fermoso pero ti coidáchesme e dedicáchesme moito do teu tempo por iso, casarei contigo e, serás ti o que governe no meu reino.

Agora durme, pero cando espertes serás o soberano de Iana, a miña terra, o meu fogar e o meu reino.

Luís sentiu que os ollos se lle pechaban e iso foi o último que sentiu no mundo que todos coñecemos.

CIÉNAGA: pantano

(Nerea, 6ºB)

